

Ref. Catastral / hasta el 19 de febrero.
debe de estar en contrato

PROGRAMA DE AXUDA AO ALUGAMENTO

CONVOCATORIA: RESOLUCIÓN DO 7 DE XANEIRO DO 2015 DA CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS. (DOG nº 11, do 19 de xaneiro de 2015).

OBXECTO: concesión de subvencións para afrontar os custos do alugueiro

CONSIDERACIÓNS IMPORTANTES PARA CUBRIR O FORMULARIO:

- Para non ter que presentar demasiada documentación é importante *autorizar ao IGVS* á petición das consultas de datos asinando os correspondentes cadros do anexo II.
- Para cubrir os datos do anexo II: *a unidade de convivencia pode estar formada por máis dunha unidade familiar*. Haberá que cubrir un anexo II por cada unidade familiar. Neste senso compre fixarse a definición de unidade familiar que figura no citado anexo II. En resumo cada unidade familiar estaría formada por pai/nai, fillos menores de 18 anos ou incapacitados xudicialmente. Polo tanto os fillos maiores de 18 declararíanse como outra unidade familiar.
- Para o caso de persoas que aínda non teñan contrato de arrendamento é importante non esquecerse de cubrir na folla de solicitude *a zona territorial* na que se ubicará a vivenda.
- No contrato deberá figurar *a referencia catastral*, no caso de non tela hai que falar coa persoa propietaria e facer un documento anexo ao contrato coa citada referencia. Este documento irá asinada polas mesmas persoas que asinen o contrato.
- *A subvención será anual*, como vivenda habitual da unidade de convivencia. Por este motivo non valerán os contratos por un período inferior a un ano. No caso de contratos anteriores ao ano 2015, que venzan antes do fin de 2015, haberá que presentar un compromiso de renovar o contrato, ou facer un novo, para a mesma unidade de convivencia, unha vez vencido o anterior.

REQUISITOS BASICOS: Resumo de requisitos básicos, para mais detalles consultar a convocatoria.

- a) Ser titular ou estar en condicións de subscribir un *contrato* de arrendamento de vivenda
- b) As persoas membros da unidade de convivencia deben adicar a vivenda a *residencia habitual e permanente*, con vocación de estabilidade.
- c) Os ingresos ponderados das persoas que compoñen a unidade de convivencia non poderán superar, en ningún caso *3 veces o IPREM*. O IPREM anual son 7.455,14 €.
- d) Ningunha persoa membro da unidade de convivencia pode ter outra *vivenda en propiedade* ou usufruto.
- e) Non se pode disfrutar doutra *subvención incompatible*

LIMITE DA RENDA DA VIVENDA POR AREAS TERRITORIAIS.

- 600€ para as vivendas situadas nos concellos de área territorial de Prezo Máximo Superior: A Coruña, Santiago de Compostela, Ourense, Vigo e Pontevedra.
- 500€ para as vivendas situadas na zona territorial 1 (concellos de Ames, Ares, Arteixo, As Pontes de García Rodríguez, Betanzos, Boiro, Cambre, Carballo, Cee, Cedeira, Culleredo, Fene, Ferrol, Melide, Mugardos, Narón, Neda, Noia, Oleiros, Orides, Oroso, Padrón, Pontedeume, Ribeira, Sada e Teo. Burela, Cervo, Chantada, Foz, Lugo, Monforte de Lemos, Ribadeo, Sarria, Vilalba e Viveiro, Allariz, A Rúa, O Barco de Valdeorras, O Carballiño, Celanova, Ribadavia, Verín e Xinzo de Limia. A Estrada, A Illa de Arousa, Baiona, Bueu, Cambados, Cangas, Gondomar, Lalín, Marín, Moaña, Mos, Nigrán, O Grove, O Porriño, Poio, Pontearreas, Pontecesures, Redondela, Sanxenxo, Tui, Vilagarcía de Arousa e Vilanova de Arousa)
- 400 € para as vivendas situadas no resto de concellos, zona territorial 2.

PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES:

PRAZO: Dende o día 20 de xaneiro de 2015 ata 19 de febreiro de 2015, ámbolos dous incluídos.

FORMA: Conforme modelo anexo I da convocatoria(DOG do 19 01 2015. Tamén dispoñible en sede electrónica da Xunta de Galicia <https://sede.xunta.es>

LUGAR: por vía electrónica ou en soporte papel dirixidas as Area Provinciais do IGVS, onde se sitúe a vivenda alugada.